

PULGARZÓN

Hai uns cuantos anos, vivía cerca deste colexio unha familia que estaba agardando un bebé.

Os pais estaban moi ledos porque era o seu primeiro fillo. Os avós tamén estaban moi ledos porque non tiñan ningún neto. E uns e outros prepararon a roupiña, o seu futuro cuarto e os xoguetes para que poidera xogar e disfrutar tan pronto nacera.

Cando chegou ao mundo puxéronlle o nome de Pulgarzón recordando o conto de “ Pulgarcito” que escoitaban todos de pequenos.

Pulgarzón desde os primeiros meses amosouse moi curioso por todo o que o rodeaba. Quedaba mirando fixamente para as cousas, amosaba moito interese por falar e quedaba mirando aos xoguetes fixamente.

Cando tiña poucos meses xuntaba pezas de xogos e facía figuras difíciles con moita facilidade.

Foron pasando os anos e Pulgarzón empezou o colexio.

Tiña 3 anos e a súa profesora ensinou na clase o son das letras. Pulgarzón empezou a ler de camiño. Non só empezou a ler moi axiña senón que empezou a facer contas de sumar e restar e sabía contestar con facilidade ás preguntas que facían no colexio e aos problemas de matemáticas que plantexaban.

Pulgarzón foi moi feliz ese curso e tamén no seguinte, pero cando tiña 5 anos as cousas empezaron a complicarse.

El sabía ler, escribir, facer problemas, contas... pero non lle gustaba nada facer as fichas que lle mandaban no colexio.

Collía o lapis con desgana, facía unha letra moi fea, e nunca nunca remataba no tempo esperado.

Se lle mandaban colorear pasaba o mesmo. Saíase seguido nos debuxos e deixaba a ficha sen rematar.

Tanto pais coma profesores pensaban que Pulgarzón era moi vago, porque sabendo facer ben tantas cousas non entendían como pasaba tanto tempo sen querer empezar a traballar e cando empezaba que as fixera tan mal. Ademais empezaron a pensar que o facía a propósito para chamar a atención. Que como era tan listo sabía o que molestaba aos pais e aos profesores e iso é o que pretendía. Na casa Pulgarzón sempre dicía que non lle gustaba vira ao colexio, que se aburría e que o pasaba mal.

A súa profesora decidiu que había que valorar a Pulgarzón para ver que lle podía estar pasando, así que Pulgarzón foi valorado polo psicólogo do colexio.

Despois de varias probas o psicólogo falou coa profesora e cos pais de Pulgarzón e díxolles que xa sabía o que lle pasaba a Pulgarzón. Pulgarzón era un neno con “ Altas Capacidades”.

Os pais de Pulgarzón preguntaron que era iso e o especialista díxolles que era un neno cunha idade de 6 anos pero que o seu cerebro para moitas cousas funcionaba coma un neno de 9 anos.

No seu caso non era en todas as materias así.

Falou tamén coa profesora e xuntos organizaron un Plan para traballar con Pulgarzón na clase.

A profesora o primeiro que fixo foi falar con Pulgarzón e co alumnado da súa clase. Aos compañeiros e compañeiras díxolles que Pulgarzón era un neno cunha gran capacidade intelectual e que non podía facer exactamente o mesmo traballo que os demais en varias materias. Díxolles que o cerebro de Pulgarzón era coma un neno de máis idade .En matemáticas, lingua, naturais e sociais era coma un neno de 9 anos, pero en debuxo e educación física era coma eles ou aínda máis pequeno.

A profe tamén lles explicou que, por ese motivo, Pulgarzón tiña que facer en varias materias cousas diferentes; que cando explicaba algo novo tiña que atender e practicar exercicios pero moitas veces non tiña que facer tantos coma eles e daquela faría outros . Por suposto tamén tería que estudar, memorizar e facer exames pero que el e os demais tiñan moita sorte de estar na mesma clase.

A Pulgarzón tamén lle dixo claramente o que lle pasaba. Fixo con el un trato. El tiña que atender e facer o que lle mandaban no tempo esperado, pero tamén ía ter tempo na clase para facer outras cousas que lle gustaran máis.

Todos entenderon isto sen dificultade. Na clase había outros nenos que facían diferentes traballos. Na aula traballaban en cooperativo, facían moitos proxectos e todos se vían beneficiados.

Pulgarzón estaba moito máis contento e motivado no colexio. Aprendeu a esforzarse por facer ben as cousas e disfrutaba moito cando podía facer tarefas de investigación do que máis lle interesaba.

Gracias a todo iso, non se aburriu no colexio e , pasados os anos, foi un gran científico.



M^a Carmen Ogaza Rojas